

Crítica

XESÚS MANUEL MARCOS

Literatura e paixón literaria

manuel vidal villaverde

Destinado en Madrid como funcionario de Xustiza, Xesús Manuel Marcos está especialmente contento por como quedou a súa obra "A Lúa dos Everglades" e vai publicar "O Brindo de ouro II". Ten unha novela rematada que espera saia publicada o vindeiro ano, e está a traballar noutras dúas novelas á vez.

—Xesús Manuel, con palabras poderfas boquear unhas tantas liñas biográficas?

—Nacín en Seoane do Courel, hai corenta e un anos. Estudei en Monforte e Santiago. Hai dez anos que vivo en Madrid, onde estou destinado como funcionario de xustiza.

—Todos os libros que levas escritos en ti un que máis afección ten?


—Querelles e tristes. Póñome sempre hai un afeito especial supoño que porque pensas que, co tempo máis práctica, a tua escrita vai mellorando. E estou especialmente contento por como quedou "A Lúa dos Everglades".

—De aquí a pouco vas publicar "O Brindo de ouro II". É unha continuación ou nexo do primeiro, o polo contrario son historias á parte?

—O Brindo de Ouro II. A Táboa da Hospitalidade, é a segunda parte dunha triloxía. Polo tanto, garda relación co primeiro libro, "A Chamada do Brindo", e, xunto coa terceira parte, pechará, en principio, o círculo das aventuras dos axinás das Terras Outas.

—Coa poesía e co ensaio cal é a túa disposición, que tal te levas?

—En canto ao ensaio, teño dous libros proxectados desde hai tempo. E teño escrito un libro de poemas onde a imaxe ten tanta ou máis importancia que a palabra. Tamén me interesa moito todo o relacio-



O autor Xesús Manuel Marcos.

nado co mundo do haiku.

—Ainda che falta por escribir esa gran novela que todos os escritores levades dentro?

—Ainda me faltan por escribir unhas tantas novelas. Non sei como serán de grandes, en todos os sentidos.

—Despois de "Brindo de ouro II", cal será o que ha vir?

—Teño unha novela rematada que espero saia publicada o vindeiro ano, e estou a traballar noutras dúas novelas á vez, algo que non

"Teño escrito un libro de poemas visuais. Na poesía, é o que máis me interesa. En canto á súa publicación, xa se verá. Na literatura cómpre ter paciencia, e eu non teño prisa ningunha"

acostumo a facer. Delas nada poido dicir, para non chamar polos malos agolros.

—Gardas algún poema nunha carpeta coa idea de publicalos algún día?

—Como dixen, teño escrito un libro de poemas visuais. Na poesía, é o que máis me interesa. En canto á súa publicación, xa se verá. Na literatura cómpre ter paciencia, e eu non teño prisa ningunha.


A poesía infantil no século XXI

En Edicións Xerais de Galicia, co patrocinio da Fundación Caixa Galicia, 427 páxinas, coordinadora da edición Blanca Ana Roja Recheo, Isabel Soto López e Mari Neira Rodríguez. Este volume é un traballo certamente admirable tanto das coordinadoras como das outras persoas que interviron nel. Son elas e eles membros da Red Temática de Literatura Infantil y Juvenil de Mar de la Plata e do Americano (LJMB), un valiosísima aportación doutros investigadores convidados que reúnen neste libro un conxunto de estudos sobre a poesía infantil do século XXI (2000-2008). Coido que hai, como nunca, que o século XXI comenza no 2001, pero en calquera caso no tollé o excelente traballo levado a diante por estes e estas especialistas. É un libro didáctico, altamente pedagógico, onde tras dunha brillante introdución teórica na que se repasa a historia e as características coas que se adoita para ben ou para mal identificar o xénero, incidíase no valor da poesía á hora de educar a sensibilidade, desenvolver a creatividade e fomentar o espírito crítico dende as primeiras idades. Non é, por descontando un libro destinado a infancia, pero si para entendémos mellor a nosa proxección para o mundo actual, este tempo. Parabéns aos autores e as autoras desta exitosa travesía.

tinta fresca

O Brindo de ouro X. M. Marcos


En Edicións Xerais de Galicia, 233 páxinas. Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967) é o escritor aínda no principio creativo que sabemos que ten moi que dar á literatura galega. Os



pasos e as pegadas están aí, con diferentes recoñecementos ao seu labor creativo. Selmo, o fillo do gardián da tribo dos axinás, coñece a desfeita de Cido, a súa aldea, incendiada polos seus inimigos, os valecos da tribo dos bronceados. Na fuxida, Selmo, acompañado de Lombán, o seu lobo albino, atopara aos dous homes, Toimil e Oulego, que o axudarán a desvelar o misterio do Brindo de ouro, un corno máxico que os protexe.

Anti natura M^a Xosé Queizán

En Edición Xerais de Galicia, ensaio. María Xosé Queizán é unha sólida voz en calquera xénero da literatura galega, sen dúbida. Anti natura é unha viaxe polo saber. María Xosé descobre as



trampas e simplifica as teorías que, dende Aristóteles ata Freud lexitimaron o patriarcado, deténdose nas distintas concepcións do feminismo e apoiándose nos valores racionais da igualdade e xustiza. O saber, explica, é que de mudarmos a mirada e de auto-modificarmos, se suprimir a opresión e a apropiación patriarcal. Toda viaxe leva a algures e esta parte do saber científico para rescatar as mulleres da escuridade. Noroaba María Xosé.

A profesora Ripaldi M^a Alcañiz Lorenzo

En Edición Xerais de Galicia, na colección Merlín, obra finalista no ano 2008. María Alcañiz Lorenzo (A Coruña, 1971), é autora singular deste relatorio e mesmo das ilustracións que acompañan



ao libro. Sarita Palodi é unha científica de recoñecido prestixio. A ciencia é a súa vida e dedícase a ela sen descanso. A profesora Sarita Palodi é a cabeza dos laboratorios Prodi, entre os seus descubrimentos están a tinta ortográfica, que fai que un escriba sen faltas de ortografía, ou o parangas autoclimático. Un día nos laboratorios prodúcese unha tremenda explosión e dende aquela non se soubo máis nada da profesora Palodi. Quea é ela?